



ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

De conformidade coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 18/09), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DO PROFESORADO, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), **corresponde elixir no presente proceso electoral a catro profesores/profesoras, dun total de sete que debe ter o Consello Escolar**. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.
- 2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios das eleccións ó Consello Escolar na entrada principal da planta baixa. **As reclamacións ao referido Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do día 6 de novembro**.
- 3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 1 de novembro ata as 14:00 horas do día 8 de novembro.
- 4.- A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente e o profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario/a.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 19 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as , previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral , sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.
- 6.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de tres da lista de candidatos/as.
- 7.- O voto será directo, secreto e non delegado.
- 8.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día 5 de novembro ás 11:40, no salón de actos do centro.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES Ordes

Rúa Nicolás del Río s/n 15680 ORDES
Teléfono 881960334 Fax 881960344
ies.ordes@edu.xunta.es

9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ordes, 30 de outubro de 2024

**O DIRECTOR/A DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL
Manuel del Río Gómez**